

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno 210528

Con data 25 de maio de 2021 ditouse o decreto da alcaldía núm. 677/2021 que deseguido se transcribe:

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: rectificación decreto convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

Advertido erro no decreto núm. 676/2021, do 25/05/2021, co asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno, procédese a súa rectificación, quedando redactado definitivamente da seguinte maneira:

A Corporación municipal, na sesión organizativa celebrada o día 12 de xullo de 2019, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello, que deberán celebrarse cada dous meses, o 4º venres dos meses impares, ás 20:30 horas (oito e media do serán).

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **28 DE MAIO DE 2021 (VENRES)**, ás **20:30 horas (OITO E MEDIA DO SERÁN)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1	<p>PARTE RESOLUTIVA</p> <p>1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES:</p> <ul style="list-style-type: none">- ORDINARIA: núm. 2021/3, do 26 de marzo de 2021- EXTRAORDINARIA: núm. 2021/4, do 27 de abril de 2021- EXTRAORDINARIA: núm. 2021/5, do 14 de maio de 2021 <p>A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.</p> <p>1.2.- RATIFICAR E TOMAR COÑECEMENTO DOS DECRETOS DO ALCALDE NÚM. 456/2021 DO 15/04/2021; O NÚM. 516/2021 DO 28/04/2021; O NÚM. 522/2021 DO 29/04/2021; O NÚM. 526/2021 DO 29/04/2021; O NÚM. 605/2021, 606/2021 E 607/2021 DO 11/05/2021, RESPECTIVAMENTE NOS QUE SE APROBA CORRIXIR DEFICIENCIAS E APROBAR DIVERSOS PROXECTOS TÉCNICOS CORRIXIDOS DAS OBRAS A INCLUIR NO POS+2021.</p> <p>1.3.- MODIFICACIÓN ORDENANZA NÚM. 20 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLAOS</p>
----------	--

	<p>E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.</p> <p>1.4.-PROPOSTA DE ALCALDÍA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021 – CONCELLO PLENO.</p> <p>1.5.-TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 9/2021: <<CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19.>></p> <p>1.6.-MOCIÓN</p>
2	<p>PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)</p> <p>2.1.- MOCIÓN</p> <p>2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do 353/21 do 15 de marzo de 2021 ata o 631/21 do 14 de maio de 2021 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2021/6, do 26 de marzo de 2021; núm. 2021/7, do 9 de abril de 2021; núm. 2021/8, do 23 de abril do 2021 e núm. 2021/9, do 14 de maio de 2021.</p> <p>2.3.- ROGOS E PREGUNTAS</p>

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:

APELIDOS E NOME	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a

súa resolución presunta. No caso de interperse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba (*na data da sinatura electrónica deste documento*)

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

David Barbeira García

Cristina Alonso Losada

O que se pon no seu coñecemento aos efectos de que o **venres 28 de maio de 2021 ás 20:30 horas (oito e media do serán) asista á sesión ordinaria do Pleno do Concello no Salón de Plenos da Casa do Concello** co fin de que proceda á gravación en video da celebración desta sesión plenaria.

Santa Comba, (*na data da sinatura electrónica deste documento*)

O alcalde

David Barbeira García.